



curtametraxes galegas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



Como produtor e director de numerosas curtametraxes, vivo na eterna contradición que persegue a calquera que realice curtametraxes: por unha banda, amas e tes moi boas lembranzas dun formato, a curtametraxe, que che permitiu aprender e iniciarte no mundo audiovisual e, por outra banda, odias os desgustos, penurias económicas e falta de recoñecemento que parece inherente ao formato da curta. Co tempo, decástaste de que esta relación de amor-odio persegue a calquera formato que poidas escoller, xa que a longametraxe ten unhas responsabilidades económicas e prebendas comerciais das que te sentes libre na curta.

Nos últimos anos, en España e en Galicia, produciuse unha auténtica eclosión dentro da curtametraxe e, en xeral, en todo o noso sector audiovisual. Con todo, está explosión de creacións non lle trouxo ao noso cine maiores beneficios nin máis público nas salas. A curtametraxe é un terreo moi fértil para poder descubrir novos creadores que lle poidan dar lustre e novas ideas ao noso audiovisual. Sempre hai que lembrar que unha boa curta non garante unha boa longametraxe e, á inversa, vin moitas curtametraxes de grandes cineastas que realmente non eran moi brillantes. Polo tanto, hai que entender a curtametraxe como o que é, un ensaio, unha investigación que pode non ter un bo resultado ao final.

Con todo, detecto no mundo da curtametraxe unha tendencia perigosa ao “resultado”. Non se abren debates narrativos nos festivais, os foros de encontro non garanten unha análise sincera ou construtiva. O único que lles importa aos novos cineastas é “gañar”. Gañar premios, gañar contactos, gañar popularidade, gañar prestixio, etc. É realmente triste, ás veces, comprobar a malsá e absurda competitividade que impera na curtametraxe española. En Galicia, por agora, non chegamos a esa exacerbada competencia, entre outras circunstancias pola escasa produción que hai no noso país. En Galicia, o esforzo de producir curtametraxes foi sempre desprezado pola Administración pública, e só un puñado de “produtores independentes” que se atreveron a realizar obras que, co tempo, se revelaron como as “únicas” obras audiovisuais galegas que transcenderon realmente ao panorama internacional. Na presente selección, como é obvio, hai moitas ausencias, pero creo que presentamos unha visión bastante extensa dos “novos creadores” que realizan curtametraxes.

curtametraxe galega

Non puidemos incluír nesta selección todas as curtas que nos gustaría, esperemos que a boa acollida deste DVD nos permita ofrecer novas seleccións con máis curtametraxes de calidade.

Xosé Zapata
(Director e produtor)

A Coruña imposible, de Francisco Rañal. É o emblema de toda unha xeración e un brillante ensaio visual que nos fai pensar que é posible realizar “grandes obras audiovisuais” desde Galicia. Esta curtametraxe é realmente xenial na súa idea e realización, pero supuxo para o seu realizador unha lousa demasiado pesada, moitas veces o éxito, aínda que sexa cunha curtametraxe, non é o máis beneficioso para o seu director. Malia todo, A Coruña imposible é, sen dúbida, unha das mellores curtametraxes españolas de todos os tempos.

Os Crebinsky, de Enrique Otero. As crebas son os restos que deixa o mar na costa e, ao redor desta tradición tan galega, desenvólvese a tola historia dun curioso traballo realizado no formato Súper-8. Utilizando película kodakchrome e cunha realización realmente brillante, Os Crebinsky é unha das curtametraxes máis interesantes dos últimos anos. Seguindo a tradición de anteriores curtametraxes do dúo cómico Mofa e Befá, Os Crebinsky preséntanos unhas personaxes, interpretadas por Miguel de Lira e Marcos Petete, e unha situación de gran orixinalidade.

Una luz encendida, de Alber Ponte. Alber Ponte é, sen lugar a dúbidas, o curtametraxista por antonomasia do noso audiovisual, e o que máis obra realizou neste xénero en toda España, máis de trinta curtametraxes. Gañou os máis importantes festivais do mundo, como Clermont-Ferrand, e realmente a súa carreira é un exemplo de constancia e insistencia na procura de historias e voz propia. Una luz encendida é un dos seus mellores traballos, cun actor como Luís Zahera, que desenvolve nesta obra unha interpretación soberbia.

Minas, de Dani de la Torre. Realizador saído da canteira da Televisión de Galicia, Dani de la Torre é unha das promesas do noso audiovisual. Minas demostra que a escaseza de medios non é sempre un inconveniente para facer un bo traballo. Realmente a austeridade da formulación de Minas, a súa audacia visual e a súa naturalidade son as virtudes máis destacadas dun primeiro traballo na curtametraxe que culmina, por agora, no bo traballo realizado en Bos días.

Metamorfose, de Fran Estévez. É realmente unha sorpresa no noso audiovisual e un realizador que se tivo que abrir camiño na soidade e na loita da independencia. Metamorfose, baseada no famoso e quizais sobrevalorado relato de Kafka, é un traballo de gran poder visual e cunha realización moi madura. Con numerosos premios internacionais, Metamorfose é unha curtametraxe pouco coñecida en Galicia, pero que queremos difundir nesta selección por considerala un esforzo digno de encomio.

El Fruto del Tedio, de Rubén Coca. Director que estudou, como moitos outros compañeiros, en Madrid e que desenvolveu parte do seu traballo fóra de Galicia. Cunha traxectoria moi consolidada no mundo da curtametraxe, estableceu a produtora Nezcóm en Galicia e dirixe a sección de cine na revista Postboks. Aquí presentamos o seu primeiro traballo en cine.

A teoría do espello, de Pedro Alonso Corredoira. Unha curtametraxe que se encadra no xénero da ciencia ficción, e que sorprende polos seus bos resultados atmosféricos. Con mínimos recursos, A teoría do espello conta unha historia sobre a extinción do noso mundo. Pedro Alonso é capaz de compoñer unha historia de xénero co bo uso dunha meritoria banda sonora, e un texto hipnótico que interpreta a profunda voz de Luís Iglesia. A teoría do espello é outro exemplo de como utilizar os escasos recursos con talento para realizar unha curtametraxe de gran calidade.

Minotauromaquia, Pablo no labirinto, de Juan Pablo Etcheverry. A animación foi un dos xéneros que máis alegrías lle deu ao audiovisual galego, e Minotauromaquia é o exemplo máis claro do que pode facer unha curtametraxe ben distribuída por representar ao noso país. Nomeada para os premios Europeos do Cine, nomeada para os Goya, con máis de setenta premios internacionais e seleccionada en máis de catrocentos festivais e mostras do mundo, esta é, sen dúbida, unha das mellores curtametraxes producidas en España nos últimos anos, e producida por unha empresa galega coma IB Cinema. O seu director, Juan Pablo Etcheverry, cunha traxectoria moi consolidada no mundo da curtametraxe, demostra o seu talento artístico e visual nunha curta onde envorca o seu interese pola arte e o seu gran talento na animación stop-motion e na modelaxe de personaxes de grande expresividade. A música de Igor Stravinsky axuda a redondear un traballo perfecto, unha obra de arte que xa é parte da historia do noso audiovisual.

IB Cinema
Avda. de Nostián-Pardiñas
Nave 3, 15008
A Coruña · Spain

información:
comercial@ibcinema.com
www.gallaeciocinema.com